



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

# Programa de Avaliación da Actividade Docente do Profesorado

Manual de Avaliación

Documento aprobado na COAP o 28 de novembro de 2007  
Documento modificado con monetarios comisión aprobado na COAP o 20  
de maio do 2008

**vicerreitoría** • novas tecnoloxías  
calidade  
Universidade de Vigo



## ÍNDICE

1. OBXECTO .....	3
2. ÁMBITO DE APLICACIÓN .....	5
3. RESPONSABILIDADES .....	6
4. DEFINICIÓNS .....	7
5. DOCUMENTACIÓN DE REFERENCIA .....	7
6. DESENVOLVEMENTO.....	8
6.1 DIMENSIÓN ESTRATÉXICA	
<i>SUBDIMENSIÓN A: Fundamento e obxectivos da avaliación docente</i>	
6.1.1. Finalidades da avaliación docente e vinculación coa política do profesorado .....	8
6.1.2. Ámbito de aplicación da avaliación docente .....	11
6.1.3. Voluntariedade ou obrigatoriedade da avaliación docente .....	12
6.1.4. Periodicidade da avaliación docente .....	12
6.1.5. Plan de difusión do procedemento de avaliación da Actividade docente .....	16
6.1.6. Axentes implicados no procedemento de avaliación .....	16
6.1.7. Consecuencias derivadas dos resultados da avaliación da Actividade docente .....	17
6.2. DIMENSIÓN METODOLÓXICA	
<i>SUBDIMENSIÓN B: Dimensións, criterios e fontes para a recollida de información</i>	
6.2.1. Dimensións para a avaliación docente .....	19
6.2.2. Criterios de avaliación .....	30
6.2.3. Fontes e procedementos de recollida de información .....	32
<i>SUBDIMENSIÓN C: Procedemento da Universidade de Vigo para realizar a avaliación da Actividadee docente</i>	
6.2.4. Comités de avaliación .....	34
6.2.5. Protocolo de avaliación .....	38
6.2.6. Informe de avaliación .....	38
6.2.7. Procedementos para a presentación de alegacións por parte do avaliado .....	40
7. DIMENSIÓN RESULTADOS	
<i>SUBDIMENSIÓN D: Procedemento para a toma de decisións derivadas da avaliación docente</i>	
7.1. Procedemento para a toma de decisións derivadas da avaliación docente .....	41
7.2. Procedemento para o seguimento das accións derivadas da avaliación docente .....	43
<i>SUBDIMENSIÓN E: Procedemento para a difusión de resultados da avaliación docente</i>	
7.3. Procedemento para a difusión de resultados da avaliación docente .....	45
8. FORMATOS .....	46
9. REXISTROS .....	46
10. ANEXOS	
ANEXO 1: PROTOCOLO DE AVALIACIÓN .....	49
ANEXO 2: MODELO DE INFORME DE AVALIACIÓN DO PROFESOR/A .....	56
ANEXO 3: MODELO DE INFORME INSTITUCIONAL .....	59
ANEXO 4: AUTOINFORME PROFESORADO (MODELO INICIACIÓN, CONSOLIDACIÓN, E SENIOR) .....	64
ANEXO 5: FORMATOS DE ENQUISAS AOS ESTUDANTES .....	78



## 1. OBXECTO

Este Manual responde aos requerimentos recollidos na Lei Orgánica 6/2001 de 21 de decembro, de Universidades, sobre a obrigatoriedade da avaliación das Actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado universitario. No artigo 31, apartado 2.c da LOU, encoméndase á *Agencia Nacional de Avaliación de la calidad y Acreditación, ANECA*, e aos órganos autonómicos encomendados, en Galicia a *Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, ACSUG*, a responsabilidade de realizar estas avaliacións. No seu artigo 43.3, a lei indica que os estatutos das Universidades dispoñerán de procedementos para a avaliación periódica do rendemento docente do profesorado. Nos estatutos da Universidade de Vigo, estas competencias se recollen no artigo 97.

O desenvolvemento do Espazo Europeo de Educación Superior ten como un dos eixos de desenvolvemento a promoción da calidade nas Universidades. Concretamente, o documento Criterios e Directrices para a garantía da calidade no EEES, promovido pola Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA), e aprobado polos ministros dos estados asinantes do proceso de Bolonia, en Bergen no ano 2005, recomenda o aseguramento da calidade dos docentes como un dos estándares e pautas de actuación para o aseguramento da calidade universitaria.

Entre os criterios e directrices, se recolle o criterio 1.4 da garantía de calidade do persoal docente, que establece que a Universidade debe dispor de medios para garantir que o seu profesorado esté cualificado e sexa competente para eses traballos. Nas directrices se recolle que: "a Universidade debe asegurarse de que os procedementos de contratación e nomeamento do seu persoal docente inclúen os medios para verificar que todo o persoal novo dispón, alomenos, dun nivel mínimo de competencia. Deben darse oportunidades ao persoal docente para que desenvolva e amplíe a súa capacidade de ensinanza e se lle estimule para sacar partido ás súas habilidades. A Universidade debe proporcionar oportunidades aos profesores de baixo rendemento para que melloren a súas habilidades, de xeito que atinxan un nivel aceptábel. Debe, asimesmo, dispor dos medios que permitan darlles de baixa das súas funcións docentes se demostrase que continúan sendo ineficaces".

Por todo o anterior, a avaliación da Actividade docente do profesorado de nova contratación, así como a do profesorado xa en exercicio, é unha das claves para coñecer o nivel de competencia do persoal docente, e poder adoptar decisións con relación ao seu desenvolvemento profesional.



Este documento recolle un conxunto de orientacións cuxa finalidade é presentar aos membros da comunidade da Universidade de Vigo o procedemento para a avaliación da Actividade docente do profesorado.

As orientacións que se ofrecen son conformes aos criterios e directrices que foron establecidos por ANECA no documento modelo de avaliación, que articula o programa DOCENTIA (Programa de apoio á avaliación da Actividade docente do profesorado universitario).

No devandito modelo, a Actividade docente analízase considerando o labor que realiza cada profesor de forma individual, máis coa necesaria coordinación e colaboración con outros profesores na organización, planificación e desenvolvemento do ensino, así como na avaliación da aprendizaxe do alumno.

De acordo con ese enfoque, as orientacións recollidas neste documento están centradas na avaliación da Actividade docente atendendo tanto á participación individual do profesor coma ao labor que realiza en coordinación con outros profesores.

O modo en que se presenta este Manual está relacionado cos contidos básicos que hai que abordar no procedemento de avaliación. Así, refírese á finalidade e ao ámbito de aplicación da avaliación e ao proceso que deben seguir os avaliadores para apreciar a Actividade docente do profesorado da Universidade de Vigo e emitir un informe sobre ela. De igual modo, a xeito de exemplo, preséntanse algunhas fontes e métodos para a recollida de información sobre a Actividade docente que poden servirles de base aos avaliadores para emitir as súas valoracións.

Este documento recolle unha guía para a elaboración do protocolo e o modelos de Informe de avaliación, unha ferramenta, que inclúe un exemplo de informe de avaliación, que pretende orientar a apreciación dos avaliadores facéndoa máis transparente e obxectiva.

Tamén estas orientacións inclúen a guía para completar os procedementos de recollida de información, que inclúe as ferramentas de recollida de información, de acordo coas nosas necesidades, o noso contexto e a nosa propia política de profesorado.



Polo tanto o Programa de Valoración da Actividade Docente do Profesorado da Universidade de Vigo ten como obxecto obter a información contrastada e normalizada sobre os labores de planificación da docencia, desenvolvemento da ensinanza e resultados académicos e de satisfacción obtidos polo Profesorado, de xeito que esta información, baseada na unificación de criterios e na garantía que todo proceso de avaliación debe ter, poda ser utilizada para a avaliación do profesorado, o recoñecemento ás labores de mellora da calidade da docencia e de innovación docente postas en práctica, a definición e organización dos plans de formación do profesorado, e outras actividades que no futuro se queiran aprobar polos órganos correspondentes.

## 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Todo o profesorado pertencente aos centros propios da Universidade de Vigo pode ser avaliado mediante este Programa de Valoración da Actividade Docente, sexa cal sexa o tipo de relación contractual. A diferenza entre as avaliacións establécese polos indicadores nos que o profesorado vai ter valoración, segundo a súa antigüidade, categoría, e aplicabilidade ou non de todos ou parte dos indicadores, aínda que tódolos criterios e a maior parte das dimensións de valoración do modelo sexan aplicabeis.

Así, cada curso académico a Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade, a través da Área de Calidade, coordinará mediante a ferramenta informática desenvolvida especificamente, a recollida de datos para a avaliación do curso anterior, en principio das ensinanzas oficiais.

Cada fonte de información (Profesorado, Centros, Departamentos e Unidades Centrais: Servizos, Vicerreitorías e/ou Áreas) introducirá na aplicación informática os datos de cada profesor ou profesora. A Área de Calidade emitirá os informes de cada parte da avaliación en función dos datos introducidos (autoinformes, informes dos centros e departamentos, e informes dos indicadores das unidades centrais), que **serán analizados pola Comisión de Valoración da Actividade Docente para emisión dos resultados definitivos de cada indicador e dos informes globais de cada profesor ou profesora avaliado.**



### 3. RESPONSABILIDADES

Vicerreitor con competencia en Calidade:

- Liderar a realización do proceso, como parte das súas responsabilidades institucionais delegadas.
- Participar, a petición da COAP, aportando melloras dacordo coas directrices do EEES.
- Elaborar, revisar e actualizar o procedemento correspondente.
- Participar nas comisións correspondentes relativas ao mesmo.
- Colaborar na proposta de avaliadores.
- Emitir os Informes de avaliación a profesores, departamentos e centros.
- Elaborar un Informe final do proceso e propoñer melloras do mesmo.

Vicerreitor con competencia en Organización Académica, Profesorado e COAP:

- Aprobar o procedemento da avaliación, antes da súa aprobación pola comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP)
- Informar anualmente ao profesorado do procedemento de avaliación e dos prazos.
- Participar nas comisións relativas ao proceso, e nomear á COAP.
- Propoñer ao equipo de goberno, e posteriormente ao Consello de Goberno o procedemento e as súas futuras actualizacións.

Profesorado, órganos de goberno unipersonais dos centros e departamentos.

- Elaborar os correspondentes informes do profesorado.
- Velar polo cumprimento deste Programa, e poñer os mecanismos necesarios para levalo a cabo.
- Propoñer os Comités de Avaliación e elevalos á COAP para a súa aprobación e nomeamento.
- Establecer as propostas de mellora necesarias en función dos resultados.
- Propoñer melloras no procedemento.
- Garantir a transparencia e o bo desenvolvemento de todo o proceso de avaliación da calidade docente do profesorado.

Representantes do alumnado:

- Participar nas reunións da COAP ás que sexan invitados, co obxecto de aportar a súa visión sobre o procedemento e as melloras.
- Fomentar a participación do Alumnado nas Enquisas de Avaliación docente.



Avaliadores/as:

- Realizar a avaliación do profesorado que a COAP lles asigne, elaborando o correspondente informe para a mesma.
- Participar, como membros activos, nas reunións sobre o programa que a COAP convoque.

#### 4. DEFINICIÓNS

**Actividade docente:** Conxunto de actuacións, realizadas dentro e fora da aula, destinadas a favorecer a aprendizaxe dos estudantes con relación aos obxectivos e competencias definidas nun plan de estudos, en un contexto insitucional determinado.

**Avaliación da Actividade docente:** Valoración sistemática da actuación do profesorado, considerando a súa vertente profesional e a súa contribución para conseguir os obxectivos da titulación na que está implicado, en función do contexto institucional na que ésta se desenvolve.

**Comité de Avaliación:** Grupo de persoas nomeadas pola Universidade para avaliar a Actividade docente do profesorado, segundo o procedemento establecido neste Manual.

#### 5. DOCUMENTACIÓN DE REFERENCIA

- Estatutos da Universidade de Vigo.
- Ley Orgánica de Modificación da Ley Orgánica de Universidades (LOMLOU)
- Modelo DOCENTIA, elaborado pola ANECA.
- Directrices da ACSUG.
- Criterios y directrices para la Garantía de Calidad no EEES (ENQA-ANECA).
- Guía para a verificación do deseño da avaliación da Actividade docente (ANECA-ACSUG).
- Protocolo para a verificación do deseño da avaliación da Actividade docente (ANECA-ACSUG).
- Política de Profesorado da Universidade de Vigo.
- Plan de Calidade Docente e Programa de Valoración da Actividade Docente da Universidade de Vigo.



## 6. DESENVOLVEMENTO

### 6.1 DIMENSIÓN ESTRATÉXICA

#### ***SUBDIMENSIÓN A: Fundamento e obxectivos da avaliación docente***

##### **6.1.1. Finalidades da avaliación docente e vinculación coa política do profesorado:**

A Universidade de Vigo, consciente da importancia que ten a Actividade docente que desenvolve o seu profesorado nos Centros e Departamentos e na procura de facer un recoñecemento deste labor e de favorecer e incentivar as iniciativas de avaliación e mellora do mesmo, dispón, a través da Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade, o presente procedemento para a valoración da Actividade docente do profesorado.

Este procedemento insértase dentro do Sub-Programa de Avaliación da Actividade Docente do Profesorado do *Plan de Calidade Docente da Universidade de Vigo*, aprobado en versión inicial en Consello de Goberno de marzo de 2005, á marxe da valoración da solicitude de quinquenios, baixo a denominación de **Procedemento de Valoración da Actividade Docente do Profesorado**.

Así ubicado, o procedemento de Valoración da Actividade Docente do Profesorado, que de seguido se desenvolve, propónse os seguintes obxectivos :

- 1) Unificar e aquilatar a información dispoñible sobre o conxunto de tarefas desenvolvidas polo profesorado no ámbito da docencia,
- 2) Favorecer a implementación e extensión, nos centros e departamentos, do seguimento, control e avaliación das tarefas docentes así como a estruturación e homoxeneización da información relevante,
- 3) Empregar esta información para a achega de dotacións económicas adicionais aos departamentos (que se recollan nos orzamentos da Universidade de Vigo) que poidan favorecer a continuación ou posta en marcha de iniciativas de autoavaliación, formación, organización, mellora e innovación docente.
- 4) Reunir a información necesaria para, unha vez rematada a análise pola comunidade, propoñer a modificación da normativa de quinquenios, de xeito que parte dos indicadores obtidos pola aplicación deste procedemento de Valoración da Actividade Docente podan ser utilizados tamén para a normativa de concesión de quinquenios docentes.



- 5) Obter a información necesaria sobre fortalezas e debilidades para a elaboración dos Plans de Formación e Perfeccionamento permanentes do Profesorado nas novas metodoloxías docentes e na mellora da calidade da docencia.
- 6) Outras que nun futuro puideran ser de interese para a Universidade de Vigo.

Tras a posta en marcha do programa inicial, e habéndose avaliado os cursos académicos 2003-2004, 2004-2005 e 2005-2006, a Universidade de Vigo, co marco legal actual e a evidente vontade das institucións galegas e estatais para a aplicación de procedementos de incentivación ao cumprimento de criterios de calidade, que xeran o marco idóneo para o desenvolver e completar o modelo inicial, plantéxase a necesidade de deseñar o modelo que se expón neste Manual, co obxectivo de adaptar a sistemática xa existente e probada e de solicitar a certificación do modelo de avaliación do profesorado, mediante convenio de participación no Programa DOCENTIA da ANECA, a través do convenio establecido coa Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Doutra banda, a calidade real da formación que recibe o estudante depende en gran medida non só da docencia directamente practicada polo profesorado, sinon tamén do entorno organizativo interno e da existencia de criterios claros de programación e calidade metodolóxica. Todos estes procesos serán unha fonte de criterios para definir a calidade e a excelencia docente, ademáis unha guía para orientar as vindeiras revisións deste Manual, e mellorar de xeito efectivo a calidade da formación.

Para poder aplicar a dirección correcta aos procesos de mellora é necesario dispor dunha boa estruturación dos sistemas de recollida de datos, que permita medir de xeito obxectivo o cumprimento de aspectos máis sutís que a adecuación a un calendario, como son os plantexamentos docentes e a súa planificación e coordinación. Neste sentido, primaranse os procedementos encaminados á valoración da calidade dos resultados e ao reforzo dos estándares competenciais.

A eficiencia do profesorado na formación de profesionais competentes depende, ademáis do entorno organizativo en que se desenvolve a docencia, en moi alto grao da motivación pola tarefa que se realiza. A avaliación permite xerar elementos de motivación encamiñados a reforzar a motivación intrínseca do profesorado, e tamén a aplicación de mecanismos extrínsecos de reforzo da motivación.



Entre os efectos de motivación intrínseca, o afán de superación nos indicadores peor valorados sole ser unha constante na maior parte do profesorado. Nestes casos, para que sea realmente efectivo, o sistema de avaliación debe estar acompañado de programas de formación ben estruturados e adaptados, e doutras accións de acompañamento para facilitar a superación dos aspectos negativos. Entre as estratexias de incentivación, o recoñecemento das avaliacións favorables é un elemento de motivación eficiente, de xeito que no futuro se poda asociar a consolidación dun determinado nivel de calidade con outros complementos docentes internos e se cabe autonómicos.

Ademáis, a avaliación permite evidenciar o posicionamento propio nas escalas de resultados dos indicadores, xa que todavía no se ten xerado unha clasificación pública dos participantes.

A avaliación da Actividade docente constitúe para a Universidade de Vigo unha oportunidade de revalidar a competencia docente do profesorado e as boas prácticas na Universidade.

Como elemento motivador, a avaliación pode incluír non só cambios cuantitativos na Actividade docente, senon tamén cambios cualitativos, probablemente máis importantes que os anteriores, sempre que se faga por medio de indicadores ben seleccionados, onde os elementos que se queiran potenciar sexan axeitadamente ponderados.

A consolidación do Programa de Valoración da Actividade Docente iniciado en 2005, e o perfeccionamento do procedemento de avaliación mediante este Manual, teñen como obxectivo principal a mellora da Actividade docente, co resultado final da mellora da formación do estudante; e como obxectivo complementario a consolidación do prestixio da Universidade de Vigo, como centro de formación de calidade, o que beneficia á institución e a toda a comunidade. Tamén é un deber de responsabilidade social para os órganos de decisión garantir unha xestión dirixida á mellora, pensando na sociedade e sen olvidar aos membros da comunidade. Finalmente, é ademáis un imperativo legal.

Os distintos elementos de que consta este procedemento están organizados segundo o órgano ou unidade competente que será responsable de enviar a Área de Calidade da Universidade de Vigo os informes e valoracións que se solicitan. Os devanditos informes e valoracións corresponderanse co curso académico vencido e solicitaranse ao inicio do curso académico para todo o profesorado. Con tal motivo, a Área de Calidade enviará a cada órgano ou unidade a relación de profesorado, así como a participación naquelas Actividades centralizadas e descentralizadas recoñecidas que poidan ser materia necesaria do seu informe.



Corresponderalle á COAP (Comisión de Organización Académica e Profesorado) a interpretación e desenvolvemento das normas de valoración da Actividade docente do profesorado da Universidade de Vigo que poderá requirirse no proceso de valoración, así como a resolución de calquera outra incidencia que se poida presentar na súa aplicación efectiva.

En particular, a COAP establecerá un mecanismo áxil de arbitraje e resolución que, tendo en conta a posición das partes e en única instancia, atenda aquelas reclamacións que poderán presentarse contra o informe emitido por calquera dos órganos ou unidades participantes no proceso de valoración que serán tramitadas exclusivamente naqueles casos en que se achegue argumento en contra da valoración realizada.

As Actividades que se valorarán neste programa poden ser complementarias doutras existentes na Universidade de Vigo e, polo tanto, non se permitirá a utilizar e valoración dunha mesma Actividade en distintos programas ou indicadores.

Para a avaliación da Actividade docente non será necesario o envío da documentación acreditativa por parte dos interesados que estea xa en poder da Universidade de Vigo. Sí de rexistros dos méritos correspondentes a Actividades realizadas fora ou para outras organizacións alleas. Non obstante, a COAP a través da Área de Calidade, poderá solicitar aos órganos, ás unidades ou aos propios interesados a acreditación dos datos achegados.

### **6.1.2. Ámbito de aplicación da avaliación docente:**

- **Tipoloxía do profesorado que pode ser avaliado:** Todo o persoal docente e investigador que imparta docencia nos centros propios da Universidade de Vigo.
- **Número mínimo de créditos impartidos para acceder á avaliación:** considérase que o número mínimo de créditos que o profesorado debe ter no POD para poder ser avaliado é de un, se ben o órgano competente da Universidade de Vigo poderá modificar este valor.
- **Ensinanzas ás que aplica a avaliación:** Tódalas Ensinanzas oficiais da Universidade de Vigo.
- **Límites temporais:** cada ano realizará a avaliación dos indicadores, e cada cinco anos emitiranse os informes globais de medias, para analizar as evolucións e proceder á utilización dos datos para os plans de formación e para os programas de accións de mellora.



- **Criterios para a entrada de profesorado no censo de avaliación:** todo o profesorado que figure como Profesor/a no regulamento elaborado polo órgano competente, e que sexa aceptado pola CIUV.

### **6.1.3. Voluntariedade ou obrigatoriedade da avaliación docente:**

Cada cinco anos, a participación na avaliación docente por parte do profesorado é voluntaria, realizando nese caso o seu Autoinforme de xeito obrigado.

Cada ano, as vicerreitorías e unidades implicadas emitirán os informes institucionais correspondentes e se obterán anualmente os resultados das enquisas de avaliación docente do alumnado.

Polo tanto, a Universidade de Vigo obterá os resultados da avaliación institucional e do alumnado de xeito obrigatorio, sendo voluntaria a participación cada cinco anos do profesorado, mediante a realización do seu Autoinforme.

A participación do profesorado nas comisións encargadas de emitir os informes de avaliación cada cinco anos será obrigatoria, e deberán emitir o informe atendendo á clasificación (únicamente a efectos de avaliación docente) seguinte:

- A. Profesorado con contrato laboral o administrativo a tempo completo.
- B. Profesorado con contrato laboral o administrativo a tempo parcial.
- C. Profesorado pertencente aos corpos docentes universitarios con ata cinco anos de antigüidade.
- D. Profesorado pertencente aos corpos docentes universitarios con entre 6 e 15 anos de antigüidade.
- E. Profesorado pertencente aos corpos docentes universitarios con máis de 15 anos de antigüidade.

O profesorado do tipo B é avaliado cada vez que finaliza o seu contrato, en tanto o Departamento informa favorablemente sobre a renovación do mesmo.

### **6.1.4. Periodicidade da avaliación docente:**


A avaliación completa (autoinforme, informe institucional e informe do alumnado) poderá ser solicitada polo profesorado cada cinco anos. Os indicadores en cada caso, os informes de centro e departamento, e as enquisas de satisfacción do alumnado se realizarán de forma anual, emitiéndose pola vicerreitoría correspondente os informes para cada profesor. Cada cinco anos, o profesor solicitante realizará o Autoinforme do período, que se incluírá na avaliación global do período.




No caso de existir unha avaliación negativa, o profesorado poderá utilizar un máximo de dous anos avaliados para a seguinte solicitude de avaliación. Neste caso, poderán solicitar de novo a avaliación global tres anos despois da avaliación negativa.

### Diagrama xeral do proceso e planificación temporal:

No diagrama seguinte, se expón de xeito sintetizado todo o proceso da Uvigo para Avaliación da Actividade Docente do seu Profesorado, e para a utilización dos resultados obtidos cada ano, e cada cinco anos.







**PLANIFICACIÓN TEMPORAL:**

MODELO DOCENTIA UNIVERSIDADE DE VIGO																
ANUAL (DO CURSO ANTERIOR)	NV	DC	XN	FB	MZ	AB	MA	XÑ	XL	ST	OU	NV	DC	XN	ADEMÁIS, C/CINCO ANOS	
COMUNICACIÓN CRONOGRAMA A CENTROS/DEPTOS, PROFESORADO, E UNIDADES CENTRAIS																
INTRODUCCIÓN NA APLICACIÓN DE TODA A INFORMACIÓN RELATIVA A MÉRITOS DO CURSO ANTERIOR																AUTOINFORME PROFESOR/A
ENQUISAS DE OPINIÓN AO ALUMNADO																
PROCESADO E FORMATEADO DA INFORMACIÓN																
CONVOCATORIA CONSTITUCIÓN COMISIÓNS DE AVALIACIÓN (CAD) E/OU COMISIÓN INTERNA UVIGO (CIUV)																
AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE																
INFORMES DAS CAD A: CENTROS/DEPTOS., PROFESORADO, E CIUV																VALORACIÓN GLOBAL DO PROFESORADO
RECLAMACIONES PROFESORADO																
VALIDACIÓN CIUV																
INFORME INSTITUCIONAL CIUV																
REPARTO ORZAMENTOS AOS DEPARTAMENTOS EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS DO SEU PROFESORADO																
ACTUALIZACIÓN E DESEÑO DOS PLANS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO PERMANENTE DO PROFESORADO																



### **6.1.5. Plan de difusión do procedemento de avaliación da Actividade docente:**

Os informes anuais de avaliación docente serán difundidos, con clave de acceso persoal por parte de cada Profesor ou Profesora, na Secretaría virtual da Universidade de Vigo, comunicando a Vicerreitoría correspondente, ás listas de profesorado, de comunidade e de avisos a apertura de prazos de información e/ou reclamación.

O procedemento recollido neste Manual será difundido na páxina web da Área de Calidade, dentro dos apartados do Plan de Calidade Docente.

Os prazos e resultados (informes globais) cada cinco anos do Profesorado solicitante serán difundidos do mesmo xeito que os anuais, na secretaria virtual da Universidade de Vigo.

Tanto os informes anuais como os globais cada cinco anos, ademais das puntuacións en cada indicador, e en cada bloque, incluírán alomenos os datos das medias obtidas cada ano e cada cinco anos (neste caso, só do profesorado que ten solicitado avaliación global quinquenal) polo Profesorado da mesma Área, do Departamento, do Centro nos que o Profesorado ten impartido docencia, e da Universidade, para que o Profesorado poda establecer comparativamente as súas principais fortalezas e debilidades, facilitando a priorización de accións de mellora.

### **6.1.6. Axentes implicados no procedemento de avaliación:**

- Vicerreitoría con competencias en Organización Académica e/ou Profesorado.
- Vicerreitoría con competencias en Calidade
- Área de Calidade.
- Servizo Informático de Xestión.
- Vicerreitoría con competencias en Formación e/ou Innovación educativa.
- Demáis Vicerreitorías, Unidades e/ou Servizos (para aporte dos datos necesarios para a avaliación anual)
- Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP)
- Comisión de Avaliación Docente da Universidade.
- Comités de Avaliación (un por cada rama)
- Equipos Decanais e/ou de Dirección dos Centros.
- Equipos Directivos dos Departamentos.
- Profesorado de Universidade de Vigo
- Alumnado da Universidade de Vigo.



### 6.1.7. Consecuencias derivadas dos resultados da avaliación da Actividade docente:

En función das finalidades expostas no apartado 6.1.1, achégase cadro de consecuencias que se pretende obter, para que se vexa a coherencia cos obxectivos e fins da avaliación e coas dimensións e o proceso establecidos:

<b>FINALIDAD (APARTADO 6.1.1 DO MANUAL)</b>	<b>CONSECUENCIAS DERIVADAS</b>
1) Unificar e aquilatar a información dispoñible sobre o conxunto de tarefas desenvolvidas polo profesorado no ámbito da docencia.	Dispor dunha Aplicación que de forma centralizada permita a alimentación de datos por cada emisor, e achegue os indicadores necesarios.
2) Favorecer a implantación e extensión nos centros e departamentos do seguimento, control e avaliación das tarefas docentes así como a *estructuración e *homogeneización da información relevante.	Os Centros e Departamentos, en función dos resultados obtidos polo Profesorado adscrito aos mesmos, deberán presentar Plans de Mellora para aqueles indicadores que dependan deles, así como definición de responsabilidades e sistema de seguimento. As valoracións de actividade docente futuras irán medindo a eficacia dos plans de Mellora. Poderán proporse modificacións das reparticións económicas a Centros e Departamentos, ademais de por a puntuación obtida, pola eficacia dos plans de mellora.
3) Empregar esta información para a consecución de dotacións económicas adicionais aos departamentos (que se recollan nos orzamentos da Universidade de Vigo) que poidan favorecer a continuación ou posta en marcha de iniciativas de *autoevaluación, formación, organización, mellora e innovación docente.	Os Departamentos, e finalmente o Profesorado de cada Departamento, pode recibir unha compensación económica en función dos resultados totais anuais do Profesorado adscrito ao mesmo e de cada puntuación particular, que pode incrementarse cada exercicio.
4) Reunir a información necesaria para, unha vez finalizado a análise pola comunidade, propor a modificación da normativa de quinquenios, de modo que parte dos indicadores obtidos pola aplicación deste procedemento de Valoración da Actividade Docente poidan ser utilizados tamén para a normativa de concesión de quinquenios docentes.	O Informe de Centro e o de Departamento necesario para a decisión sobre a concesión poderá ser o emitido para os indicadores correspondentes desta Valoración da Actividade Docente. Ademais, os pesos da opinión dos alumnos e cuestionario a utilizar modifícanse en función deste sistema de avaliación da Actividade Docente, entrando máis aspectos a ter en conta na valoración, e utilizando un cuestionario que de forma xeneralizada utilizárase no sistema universitario español.
5) Obter a información necesaria sobre fortalezas e debilidades para a elaboración dos Plans de Formación e Perfeccionamento permanentes do Profesorado nas novas metodoloxías docentes e na mellora da calidade da docencia.	Os Plans de Formación permanente do Profesorado estarán baseados nas carencias xerais e/ou particulares detectadas en cada anualidade, de maneira que cada curso inclúan accións máis adaptadas á mellora das competencias profesionais e dos resultados, aumentando e mellorando a oferta de cursos presenciais e/ou virtuais.
6) Outras que nun futuro poidan ser de interese para a Universidade de Vigo.	Calquera outra que os órganos correspondentes da Universidade de Vigo poidan aprobar.
<b>OUTRAS FINALIDADES COMPLEMENTARIAS (tamén recollidas no 6.1.1)</b>	<b>CONSECUENCIAS DERIVADAS QUE INDIRECTAMENTE SE OBTÉNEN</b>
Adaptar a sistemática xa existente e probada e de solicitar a certificación do modelo de avaliación do profesorado, mediante convenio de participación no Programa DOCENTIA da ANECA, a través do convenio establecido coa Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).	O Profesorado pode utilizar os datos da súa avaliación da actividade docente nos procesos de acreditación e nas convocatorias dos complementos autonómicos da Consellería de Educación e Ordenación universitaria.
Fonte de criterios para definir a calidade e a excelencia docente, ademais dunha guía para orientar as próximas revisións deste Manual, e mellorar de forma efectiva a calidade da formación.	En función dos datos globais obtidos, e da comparación co resto de universidades, poderanse establecer valores nominais a partir dos que se consideran os niveis de excelencia, e metas cuantitativas anuais que se irán aquilatarando en función das accións de mellora que se establezan.



<b>OUTRAS FINALIDADES COMPLEMENTARIAS (tamén recollidas no 6.1.1)</b>	<b>CONSECUENCIAS DERIVADAS QUE INDIRECTAMENTE SE OBTENEN</b>
Dispor dunha boa estruturación dos sistemas de recollida de datos, que permita medir de forma obxectiva o cumprimento de aspectos máis sutís que a adecuación a un calendario, como son as formulacións docentes, a súa planificación e coordinación	Ter na UVIGO un Sistema de Información obxectivo e cuantitativo, ademais de cualitativo que teña en conta ademais do cumprimento as accións necesarias previas e as asociadas á actividade docente que o Profesorado tamén realiza.
O sistema de avaliación debe estar acompañado de programas de formación ben estruturados e adaptados, e doutras accións de acompañamento para facilitar a superación dos aspectos negativos	Unha vez obtida a valoración, cada responsable (Centros, Departamentos, Unidades Centralizadas, o propio Profesorado) de que as puntuacións obtidas polo seu Profesorado adscrito sexan inferiores aos límites establecidos como adecuados/ satisfactorios/eficientes/orientados á innovación docente, segundo o caso, deberá presentar o/os plans de acción para a mellora dos resultados, que poderán incluír accións de formación/ sensibilización/información para a adaptación permanente da cualificación do profesorado ás necesidades, accións de desenvolvemento de materiais docentes, plan de adecuación de mellora de medios e tecnoloxías docentes postas a disposición do profesorado, plan de organización docente de horarios/espazos/grupos para facilitar a aprendizaxe, etc. O Profesorado pode participar no Programa de Formación permanente do Profesorado, sen custo de matrícula.
Entre as estratexias de incentivación, o recoñecemento das avaliacións favorables é un elemento de motivación eficiente, de modo que nun futuro pódase asociar a consolidación dun determinado nivel de calidade con outros complementos docentes internos e se cabe autonómicos.	Cando así se especifique nas convocatorias, ou a Universidade establézao nos seus órganos de decisión, os resultados da avaliación da actividade docente /anual e/ou global *quinquenal) poderán ser considerados como mérito na concesión de contratos-programa para a innovación e nos premios á innovación docente que a Universidade de Vigo poida convocar.
Ademais, a avaliación permite evidenciar o posicionamento propio nas escalas de resultados dos indicadores, xa que aínda non se xerou unha clasificación pública dos participantes.	Se a normativa interna da UVIGO inclúe, e/ou a lexislación aplicable considérase, as clasificacións serán públicas, ou polo menos o ranking obtido aínda que a puntuación sexa soamente coñecida por cada Profesor/a, o que se considera un elemento motivador e acicate para manterse e/ou mellorar a posición, tanto para os Centros, como para os Departamentos e para o Profesorado, comparándose cos respectivos similares do sistema universitario español/internacional
A avaliación da actividade docente constitúe para a Universidade de Vigo unha oportunidade de revalidar a competencia docente do profesorado e as boas prácticas na Universidade.	Cando os posicionamentos da UVIGO nas clasificacións públicas que se determinen sexan iguais ou superiores aos mellores, poderase utilizar como vantaxe competitiva.
Como elemento motivador, a avaliación pode incluír non só cambios cuantitativos na actividade docente, senón tamén cambios cualitativos, probablemente máis importantes que os anteriores, sempre que se faga por medio de indicadores ben seleccionados, onde os elementos que se queiran potenciar sexan adecuadamente ponderados.	En función da súa contribución á mellora da actividade docente (participando nas valoracións, propondo accións para os plans de mellora derivados e participando no seu caso nas mesmas), os estudantes poderían recibir créditos de libre configuración, e/ou outro tipo de incentivos.
A consolidación do Programa de Valoración da Actividade Docente iniciado en 2005, e o perfeccionamento do procedemento de avaliación mediante este Manual, teñen como obxectivo principal a mellora da actividade docente, co resultado final da mellora da formación do estudante;	Elaboración, posta en marcha e seguimento de eficacia/eficiencia dos sucesivos Plans de Accións de Mellora de Centros/Departamentos/ Unidades Centrais e Profesorado
como obxectivo complementario a consolidación do prestixio da Universidade de Vigo, como centro de formación de calidade, ao que beneficia á institución e a toda a comunidade	O Profesorado e o Alumnado reciben información de como son avaliados e de como se avalían *recíprocamente.
Tamén é un deber de responsabilidade social para os órganos de decisión garantir unha xestión dirixida á mellora, pensando na sociedade e sen esquecer aos membros da comunidade.	A Xestión optimizada dos recursos humanos e materiais que a Sociedade pon a disposición da UVIGO, ademais da información/comunicación pública de resultados.
Finalmente, é ademais un imperativo legal	Asegurar que as directrices europeas e a lexislación estatal e autonómica en materia de comunicación de resultados de xestión e de mellora (na medida en que se estableza nas mesmas), son públicos.



## 6.2. DIMENSIÓN METODOLÓXICA

### SUBDIMENSIÓN B: Dimensións, criterios e fontes para a recollida de información

#### 6.2.1. Dimensións para a avaliación docente:

O procedemento que se desenvolve neste Manual está baseado no modelo de avaliación definido no Programa DOCENTIA da ANECA. A Universidade de Vigo ten asinado convenio coa ACSUG, e esta a súa vez coa ANECA, para a utilización do modelo.

O modelo de avaliación definido en DOCENTIA recolle tres dimensións na análise e na valoración da Actividade docente: planificación da docencia, desenvolvemento do ensino e resultados. Cada unha destas dimensións artículase á súa vez nun conxunto de elementos, que se sintetizan no cadro seguinte:

DIMENSIÓNS	ELEMENTOS	
I. PLANIFICACIÓN DA DOCENCIA	1. Organización e coordinación docentes	Modalidades de Organización
		Coordinación con outras actuacións docentes
	2. Planificación da ensinanza e da aprendizaxe con relación ás materias impartidas	Resultados de aprendizaxe previstos
		Actividades de aprendizaxe previstas
		Criterios e métodos de avaliación
II. DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA	3. Desenvolvemento da ensinanza e avaliación da aprendizaxe	Materiais e recursos para a docencia
		Actividades de ensinanza e aprendizaxe realizadas
III. RESULTADOS	4. Resultados en términos de obxectivos formativos	Procedementos de avaliación aplicados
		5. Revisión e mellora da Actividade docente: formación e innovación

Cadro 1. Dimensións e elementos que deben ser considerados na avaliación.

Nas táboas seguintes se expón o modelo de avaliación que, baseado na proposta da ANECA, desenvolve a Universidade de Vigo para a avaliación docente do Profesorado cada curso académico e cada período de cinco anos:



## Modelo xeral de avaliación da Actividade Docente da Universidade de Vigo

MODELO DOCENTIA UNIVERSIDADE DE VIGO																				
MODELO DOCENTIA ANECA					VALORACIÓN: REPARTOS E PESOS															
DIMENSIÓN	SUBDIMENSIÓN	ELEMENTOS	TOTAL			Auto-informe		Informe Institucional			Informe Alumnado									
						C/5 ANOS		ANUAL		C/5 ANOS		ANUAL		C/5 ANOS						
						%		%		%	DE LA MEDIANA	%		%	DE LA MEDIANA					
I. PLANIFICACIÓN DA DOCENCIA	1	1.1 ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DOCENTES	ENCARGO DOCENTE	25	3	10	0.9	1.8	1.05	2.1	1.05	1.2	1.05	1.225						
															MODALIDADES DE ORGANIZACIÓN E IMPARTICIÓN	3.5	1.05	2.1	1.4	1.225
																3.5	1.05	2.1	1.4	1.225
	2	1.2 PLANIFICACIÓN DA ENSEÑANZA E DA APRENDIZAXE CON RELACIÓN ÁS MATERIAS IMPARTIDAS	RESULTADOS DE APRENDIZAXE PREVISTOS	15	5	15	1.5	3	1.5	3	1.75	2	1.75	1.75						
															ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE PREVISTAS	5	1.5	3	2	1.75
																5	1.5	3	2	1.75
II. DESENVOLVEMENTO DA ENSEÑANZA	3	2.1 DESENVOLVEMENTO DA ENSEÑANZA E AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE	ACTIVIDADES DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE REALIZADAS	40	20	40	6	12	6	12	7	40	8	35	7					
																20	6	12	8	7
### **Procedemento de publicidade de todo o proceso de selección:**

- Anunciarase o inicio do procedemento de selección dos avaliadores e avaliadoras nos diferentes centros da Universidade de Vigo: planificación temporal, fases e conclusión do mesmo.
- Vía web, na Secretaría Virtual, na área de profesorado: se publicará a composición da CIUV, así como os criterios de selección dos CAD. Soamente concluído o proceso de avaliación docente, e para garantir a independencia no traballo dos CAD, se publicarán os nomes dos membros de cada CAD, así como un breve curriculum docente e investigador dos mesmos.

### **6.2.5. Protocolo de avaliación:**

Cada avaliador/a recibirá a información relativa ao profesorado a avaliar: autoinforme do profesor/a, informes dos responsábeis académicos (de tódolos Centros onde imparte docencia, e do Departamento ao que pertence), informes dende a Área de Calidade dos resultados das Enquisas realizadas ao alumnado durante os cinco anos que se van avaliar, e evidencias da Actividade docente do profesor/a. Tras analizar esta documentación, deberá elaborar a súa proposta de informe, no mesmo formato que se recolle neste Manual (que recolle as dimensións e criterios do modelo), e que tamén servirá como Informe de Avaliación do CAD, unha vez tódolos membros teñan consensuado os seus informes particulares.

Asimesmo, poderán considerarse as evidencias aportadas pola Área de Calidade (indicadores, queixas e reclamacións, felicitacións, valoracións meritorias que existan, etc.) e que estén relacionadas coa Actividade docente do profesor/a nos cinco anos que se avalían.

O Protocolo de Informe de Avaliación consensuado por tódolos membros do CAD se asinará polo/a Presidente/a e Secretario/a do Comité, e se remitirá á CIUV coa Acta da reunión na que se adoptaron os acordos. Os informes serán revisados e validados mediante as sinaturas do/a Presidente/a e Secretario/a da CIUV.

### **6.2.6. Informe de avaliación:**

Cada avaliador/a, unha vez analizadas as valoracións recollidas no protocolo de avaliación, realiza unha apreciación analítica, considerando as tres dimensións avaliadas: planificación, desenvolvemento e resultados das Actividades docentes. A apreciación en cada dimensión poderá ser desfavorable, favorable ou moi favorable. O consenso entre os informes emitidos polos membros do CAD dará lugar ao Informe da Comisión de Avaliación Docente (CAD).

- A CAD dará a calificación de "moi favorable" nunha dimensión cando os ítems do protocolo de avaliación teñan sido valorados na súa metade máis un, como moi axeitados, ou moi satisfactorios, e o resto como axeitado ou satisfactorio.
- Será "favorable" a calificación nunha dimensión, cando ningún dos ítems do protocolo teñan sido valorados como moi inaxeitado ou moi insatisfactorio, e ademáis a metade máis un alomenos teña a calificación de moi axeitado ou axeitado, ou moi satisfactorio ou satisfactorio.

De ser necesarias evidencias complementarias para valorar un ítem e que non se teñan aportado, o/a avaliador/a as solicitará á Área de Calidade, para que as demande a quen corresponda.

A valoración global se realizará atendendo ás valoracións das diferentes dimensións, tendo en conta que si unha dimensión é valorada como desfavorable, a valoración global será igualmente desfavorable.

Os/as avaliadores/as consensuarán o seu informe, emitindo un informe único segundo o mesmo formato utilizado de xeito individual, que enviarán á CIUV, e que conterá as valoracións e as recomendacións que propoñen para o profesor/a, atendendo ás dimensións e criterios do modelo.

A CAD, especialmente nos casos nos que a valoración sexa desfavorable, poden completar o informe de avaliación cunha exposición razoada sobre as valoracións realizadas.

A CAD poderá realizar recomendacións ao profesor para mellorar a Actividade docente, relacionadas co desenvolvemento da Actividades formativas e de innovación. Ditas recomendacións se poderán realizar aínda que a valoración global do/a profesor/a sexa moi favorable.

De igual modo a CAD poderá realizar recomendacións aos responsábeis académicos para favorecer o deseño e desenvolvemento de plans de formación e innovación docentes, considerando os resultados das avaliacións do profesorado dun mesmo departamento, centro, área de coñecemento ou outra unidade.

Cos informes elaborados poloas CAD, a CIUV elaborará un informe de avaliación, do que se propoñen unicamente directrices xerais de contido:

- Análise dos resultados obtidos no proceso de avaliación da Actividade docente, en termos estatísticos e de axeitamento ao desenvolvemento das competencias previstas nos plans de estudo.
- Apreciacións sobre as valoracións realizadas, considerando cada dimensión do modelo ou só algunha delas.
- Recomendacións aos responsábeis académicos que recollan a orientación e a proposta de temática para futuros plans de formación e innovación docentes, considerando todas ou algunha dimensión do modelo.
- Análise dos mecanismos desenvolvidos pola Universidade de Vigo para facer balance de resultados da avaliación da Actividade docente, con vistas á formación do profesorado e á mellora da docencia, ademais de á mellora deste procedemento.

Cando o proceso de avaliación finalice, a Área de Calidade realizará unha revisión do propio proceso de actuación das CAD e da CIUV, coa proposta á vicerreitoría das actuacións que se consideren para mellorar o proceso de avaliación da Actividade docente e este procedemento. Nesta revisión, se poderá ter en conta:

- O volumen de profesorado avaliado e o modo máis axeitado de agrupar os resultados das valoracións e recomendacións realizadas (departamento, centro, área, Universidade, etc.)
- A natureza dos condicionantes (normativos, organizativos, materiais, etc.) que teñen afectado á planificación, desenvolvemento e resultados das Actividades docentes obxecto de avaliación.
- A intensidade das deficiencias detectadas na avaliación.

Das propostas de mellora do proceso, así como do resultados global da revisión do mesmo, o Vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade informará á CIUV para a execución, se procede, das modificacións consideradas.

#### **6.2.7. Procedementos para a presentación de alegacións por parte do avaliado:**

- 1º) Os Informes de avaliación serán remitidos polas CAD á CIUV, que será a encargada de remitir a resolución provisional ao profesorado, mediante a Secretaría Virtual e acceso codificado.
- 2º) Unha vez recibido o Informe, o profesorado terá 30 días naturais para presentar ante a Área de Calidade a reclamación oportuna, que serán elevadas á CIUV.
- 3º) A CIUV remitirá as reclamacións á CAD correspondente, que procederá a revisar o informe e a resolver segundo os criterios establecidos.
- 4º) A CIUV, a través da Área de Calidade, comunicará a resolución ao/a profesor/a. Contra esta resolución, o profesor poderá presentar recurso, no prazo dun mes, perante o Reitor, que resolverá segundo os cauces habituais establecidos para recursos.

## **7. DIMENSIÓN RESULTADOS**

### **SUBDIMENSIÓN D: Procedemento para a toma de decisións derivadas da avaliación docente**

#### **7.1. Procedemento para a toma de decisións derivadas da avaliación docente:**

En xeral, a toma de decisións levará á proposta de accións que serán tanto formativas e/ou de reciclaxe e perfeccionamento do profesorado (na súa propia área de coñecemento, en innovación docente, en actualización e/ou utilización de novas tecnoloxías, en metodoloxías innovadoras docentes, etc.).

Se as desviacións detectadas afectan de forma puntual a cada Profesor/a, a CAD correspondente solicitará ao Profesor/a implicado a proposta de accións que considera necesarias para mellorar a súa avaliación, con desglose das accións, prazos e recursos necesarios. Todos os Plans de Accións persoais de cada Profesor/a serán recibidos e estudados pola CAD correspondente, por se existen accións de mellora que se puidesen estandarizar a outro Profesorado das mesmas Áreas, Departamentos ou Centros. A CAD emitirá un informe xeral con todos os Plans de Accións particulares e/ou generalizables, que enviará á CIUV.

A CIUV, atendendo aos informes de accións particulares realizados por cada Profesor con desviacións, xerais emitidos por cada CAD, e con todo a análise xeral das desviacións xerais do Profesorado avaliado da UVIGO, aprobará os plans de accións particulares (se as desviacións son propias dun/a profesor/a), e xerais (os que impliquen desviacións comúns ou similares de varios/as Profesores/as da área, Centro e/ou Departamento, para optimizar recursos e prazos de tempo de execución, podendo ademais suxerir a realización de accións para paliar as deficiencias ou problemas xerais que se desprendan da avaliación, talles como modificación e/ou desenvolvemento de plans de formación, que poderían agruparse considerando os resultados das avaliacións do profesorado dun mesmo departamento, centro, área de coñecemento ou outra unidade de agregación similar.

A responsabilidade de posta en marcha de cada tipo de Plan de Accións tamén será definida pola CIUV, que enviará a cada unidade de agregación (o propio Profesorado, o Centro, O Departamento, en Área, os Vicerreitorado Formación e Innovación Educativa ou de Novas Tecnoloxías e Calidade, ou outros) o/os Plans de Accións dos que son responsables.



## **7.2. Procedemento para o seguimento das accións derivadas da avaliación docente:**

Do seguimento das accións de mellora responsabilizarase cada unidade de agregación que as propuxo, unha vez recibida a aprobación de posta en marcha da CIUV.

A CIUV será a responsable do seguimento de todos os Plans de Mellora da Actividade Docente do Profesorado da UVIGO, de forma que se envorcarán todos nunha aplicación que teña polo menos os campos de información recollidos na táboa da seguinte páxina.

Unha vez finalizados os prazos, cada Responsable de seguimento achegará á CIUV os datos que permitan realizar a análise de cumprimento e a eficacia de cada acción, mediante envío á CAD correspondentes do Plan de Accións abertas co seguimento realizado. Cada CAD revisará o seguimento, e transmitirá á CIUV o Plan enviado pola unidade de agregación.

Cada unidade de agregación (o propio profesorado, o Centro, o Departamento, os Vicerreitorados correspondentes, ?) terá un sistema de seguimento similar, responsabilizándose do seguimento a Dirección do Departamento ou Centro, ou o/a Vicerreitor/a correspondente, segundo a responsabilidade de posta en marcha aprobada, que deberán informar á CAD do seu grao de cumprimento e da consecución dos obxectivos previstos para as mesmas.

Así, tanto as Comisións de Avaliación (CAD) no seu modelo de Informe, como o propio profesorado no Autoinforme (cada profesor/a, no seguinte Autoinforme, deberá indicar que accións levou a cabo, e a influencia das mesmas na súa actividade docente), como os responsables institucionais no seu (Centros e Departamentos), en cada informe quinquenal e nas valoracións anuais irán valorando respectivamente as preguntas correspondentes á mellora docente conseguida en cada caso, o que se traducirá na mellora da valoración cuantitativa de cada elemento/indicador do modelo.

A valoración da eficacia de cada acción, e as decisións sobre a súa repetición, estandarización a situacións similares, ou ampliación de prazos ode colectivos destinatarios será tomada pola CIUV, en función das análises de seguimento achegados por cada unidade de agregación, e da mellora nas valoracións cuantitativas obtidas por cada profesor/a.



	PLAN INTEGRADO DE ACCIÓNS DE MELLORA DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO								CURSO ACADÉMICO:
	Comisión Interna da UniversidadE de Vigo (CIUV) (o Unidade de Agregación correspondente: Centro, Departamento, Vicerreitoría, Profesor/a, ...)								
ACCIÓN/ACCIÓNS	OBXETIVOS	PROPOSTA POR	PROFESORADO AO QUE VAI DIRIXIDA	PRAZO	RESPONSABLE	RESPONSABLE DO SEGUEMENTO	DATA SEGTO.	VALORACIÓN EFICACIA	CERRE/AMPLIACIÓN/REPETICIÓN...

## **SUBDIMENSIÓN E: Procedemento para a difusión de resultados da avaliación docente**

### **7.3. Procedemento para a difusión de resultados da avaliación docente:**

As Comisións de Avaliación da Actividade docente (CAD) emitirán, dunha banda, o Informe de Avaliación individual segundo o formato que se achega nos anexos, no que se fará unha valoración global das Actividades docentes do profesorado, en termos de desfavorable, favorable ou moi favorable, acompañadas de recomendacións para o/a profesor/a (Actividades de formación, innovación, etc.) e ademáis un informe global de cada unha das dimensións que o modelo considera coas observacións e recomendacións que consideren oportunas, que enviarán á Comisión Interna da Universidade de Vigo (CIUV).

A CIUV enviará, ao finalizar cada proceso de avaliación anual, infome individual a cada profesor/a (mediante a Secretaría Virtual, acceso mediante clave ao sector profesorado) e informes globais aos Centros e Departamentos, enviados ás Direccións dos mesmos. Tamén realizará, coa colaboración da Área de Calidade, un infome institucional da UVIGO, que se publicará, unha vez visado pola CIUV, na páxina web da Universidade. Todos estes informes conterán alomenos as calificacións máximas, nominal e mínimas comparativas por área, departamento e Universidade., garantindo mediante accesos restrinxidos que se respecta a LOPD no relativo á salvagarda dos dereitos de confidencialidade das puntuacións do profesorado avaliado.

Cada cinco anos, engadirase a estes informes o resultado de incluír o autoinforme do profesor, e os cálculos dos demais indicadores tendo en conta as medianas dos cinco anos avaliados.

A Universidade de Vigo enviará certificación individualizada dos resultados obtidos á ACUSG, de acordo co conveio específico que deberá existir, para asegurar igualmente a protección dos datos persoais.

Os estudantes serán informados mediante comunicación na páxina web da existencia dos informes anuais e quinquenais na páxina web, podendo consultar o informe global coas comparativas que emite a Área de Calidade, pero non os informes coas calificacións individuais.

A Universidade de Vigo poderá realizar charlas informativas organizadas por Centros ou Campus, nas que se difundan e expliquen os resultados dos informes anuais e quinquenais.


### 8. FORMATOS:

- Anexo 1: Protocolo de Avaliación.
- Anexo 2: Modelo de Informe de Avaliación do Profesor/a
- Anexo 3: Modelo de Informe Institucional
- Anexo 4: Autoinforme Profesorado (modelo iniciación, consolidación, e senior)
- Anexo 5: Formatos de Enquisas aos Estudantes

### 9. REXISTROS:

REXISTRO	SOPORTE DE ARQUIVO	RESPONSABLE DA CUSTODIA	TEMPO DE CONSERVACIÓN
AUTOINFORME DO PROFESORADO	INFORMÁTICO	AREA DE CALIDADE	5 ANOS (OU ATA A SEGUINTE AVALIACIÓN QUINQUENAL DO PROFESOR/A)
INFORMES INSTITUCIONALES (CENTRO Y DEPARTAMENTO)			
RESULTADOS ENQUISAS ALUMNOS			
INFORMES CAD			
ACTAS CAD			
INFORMES CAD AL PROFESOR/A, CENTRO Y/O DEPARTAMENTO			
INFORME INSTITUCIONAL CIUV			
INFORME GLOBAL QUINQUENAL PROFESOR/A			
RECLAMACIONES PRESENTADAS			
INFORMES CIUV SOBRE AS RECLAMACIÓN			
ACTAS CIUV			

## RESUMO DE INFORMES A REALIZAR:



# ANEXOS

# Anexo 1: GUÍA PARA COMPLETAR O PROTOCOLO E O INFORME DE AVALIACIÓN

Dirixida a avaliadores

O protocolo de avaliación é unha ferramenta deseñada para facilitar o labor dos avaliadores, estruturada conforme aos criterios que recolle o modelo de avaliación de DOCENTIA e mais o procedemento que elaborou a Universidade.

Os avaliadores utilizan o protocolo de avaliación para valorar o conxunto das Actividades docentes que realiza un profesor, recoñecidas como tales no devandito procedemento, ao longo dun quinquenio (ou no seu defecto, un período inferior).

Para realizaren as súas valoracións, os avaliadores deben apoiarse na información recollida sobre o profesor mediante os métodos e técnicas especificados pola Universidade no seu procedemento de avaliación.

Unha vez analizada a información relativa ao profesor, os avaliadores poden realizar as súas apreciacións sobre a Actividade docente apoiándose nalgunha sucesión ordenada de valores. O emprego dunha escala dese tipo facilita o labor dos avaliadores ao tempo que a fai máis transparente.

Esta guía para avaliadores recolle un modelo de escala, estruturada segundo as dimensións que recolle o modelo de avaliación de DOCENTIA, que mide a adecuación da Actividade docente, a súa eficiencia, a orientación á mellora e a satisfacción que xera no propio profesor e noutros axentes implicados no ensino. Cando o profesor non achegue a documentación requirida ou o faga de forma incompleta, o protocolo proposto considera a opción "evidencias insuficientes".

A sucesión de valores ordenados na escala realizouse tomando como base o criterio de adecuación para a planificación e desenvolvemento do ensino, o criterio de satisfacción con relación aos resultados do ensino e o criterio de orientación á mellora para recoller as apreciacións sobre as accións formativas e de innovación.

No exemplo de protocolo recollido nesta guía, os avaliadores emiten os seus xuízos valorativos apoiándose nos tres métodos de recollida de información propostos (autoinforme, informes de responsables académicos e enquisas a estudantes).

Non obstante, o procedemento de avaliación pode sinalar que determinados elementos da escala sexan valorados a partir de todos ou só dalgúns dos métodos especificados, conforme á finalidade definida pola Universidade para a avaliación da Actividade docente.

As escalas que poden utilizarse para valorar as dimensións de avaliación son as seguintes:

#### A. Planificación e desenvolvemento das Actividades docentes:

- **Moi pouco adecuado:** a Actividade docente non se adecúa ás necesidades, aos requerimentos ou ás circunstancias esenciais medidas no elemento obxecto de avaliación.
- **Pouco adecuado:** a Actividade docente axústase de forma limitada en calidade ou cantidade con relación ás necesidades, requerimentos ou circunstancias esenciais medidas no elemento obxecto de avaliación.
- **Adecuado mais mellorable:** a Actividade docente é en xeral apropiada ás necesidades, aos requerimentos ou ás circunstancias esenciais medidas no elemento obxecto de avaliación, aínda que se atopan aspectos que de se modificaren aumentarían a devandita propiedade.
- **Moi adecuado:** a Actividade docente é apropiada nos seus aspectos esenciais e non esenciais ás necesidades, aos requerimentos ou ás circunstancias medidas no elemento obxecto de avaliación.

#### B. Resultados da Actividade docente:

- **Moi insatisfactorio:** os resultados da Actividade docente non cumpren os requisitos ou as esixencias fundamentais recollidos no elemento obxecto de avaliación.
- **Pouco satisfactorio:** os resultados da Actividade docente cumpren de forma limitada os requisitos ou as esixencias fundamentais recollidos no elemento obxecto de avaliación.
- **Satisfactorio mais mellorable:** os resultados da Actividade docente cumpren os requisitos ou as esixencias fundamentais recollidos no elemento obxecto de valoración, se ben hai aspectos que de se modificaren facilitarían o seu cumprimento.

- Moi satisfactorio: os resultados da Actividade docente cumpren os requisitos ou as esixencias fundamentais e non fundamentais medidos no elemento obxecto de avaliación.

### C. Innovación e mellora:

- Nada orientado á mellora: as accións ou os cambios propostos non están encamiñados a potenciar a Actividade docente.
- Pouco orientado á mellora: as accións ou os cambios propostos están encamiñados a potenciar a Actividade docente dunha forma limitada en calidade ou cantidade.
- Orientado á mellora: as accións ou os cambios propostos están encamiñados a potenciar a Actividade docente, se ben deberían introducirse outras accións ou cambios complementarios.
- Moi orientado á mellora: as accións ou os cambios propostos están encamiñados dun xeito esencial a potenciar a Actividade docente

A valoración das Actividades docentes do profesor concrétese nun informe de avaliación que pode adoptar un enfoque analítico e global.

En primeiro lugar, cada avaliador, unha vez examinadas as valoracións recollidas no protocolo de avaliación, realiza unha apreciación analítica considerando as tres dimensións avaliadas: planificación, desenvolvemento resultados das Actividades docentes. A súa apreciación en cada unha das devanditas dimensións poderá ser "desfavorable" ou "favorable".

Os avaliadores, especialmente nos casos en que a valoración sexa desfavorable, poden completar o informe de avaliación cunha exposición razoada sobre as súas valoracións.

Os avaliadores poderán realizar recomendacións ao profesor para mellorar a súa Actividade docente, relacionadas co desenvolvemento de Actividades formativas e de innovación. As devanditas recomendacións poderán realizarse mesmo cando a valoración global do profesor sexa moi favorable.

De igual modo, a Comisión de Avaliación poderá realizarlles recomendacións aos responsables académicos para favorecer o deseño de plans de formación e innovación docentes, considerando os resultados das avaliacións dos profesores que integran un mesmo departamento, centro, área de coñecemento ou outra unidade de agregación similar.



En segundo lugar, a Comisión de Avaliación, a partir das valoracións analíticas realizadas polos avaliadores, leva a cabo unha valoración global das Actividades docentes do profesor en termos de "desfavorable", "favorable" ou "moi favorable".



## PROTOCOLO DE AVALIACIÓN

### Datos de identificación do profesor

Profesor

NIF

Período avaliado

Número de quinquenio solicitado (se procede)

Departamento

Área de coñecemento

### INSTRUCCIÓN

Valore as Actividades docentes do profesor no período obxectivo de avaliación a partir dos elementos recollidos no presente protocolo. Marque cun "X" o grao máis apropiado en cada elemento, considerando as evidencias que foron presentadas polo profesor ou por outros axentes, así como a información proporcionada polos instrumentos. Se a información que ten sobre o profesor non lle permite emitir unha valoración, seleccione "evidencias insuficientes" (EI).

Finalmente, sobre todo no caso de valoracións negativas, introduza comentarios ou observacións que argumenten as súas apreciacións.

PLANIFICACIÓN DA DOCENCIA, evidencias insuficientes (EI; 0 puntos), moi inadecuado (MI; 1 punto), pouco adecuado (PA; 2 puntos), adecuado (A; 3 puntos), moi adecuado (MA; 4 puntos)

Valoración a partir de: auto-informe, informes de responsables académicos e enquisa a estudantes.					
1. Planificación das Actividades docentes realizada polo profesor, considerando os escenarios en que realiza o seu traballo, as características dos grupos de estudantes con que interacciona, os recursos con que conta, así como outras variables que a poden condicionar	EI (0)	MI (1)	PA (2)	A (3)	MA (4)
Observacións:					
2. Coordinación das Actividades docentes do profesor coas que realizan outros profesores noutros grupos, materias, cursos de formación etc.	EI (0)	MI (1)	PA (2)	A (3)	MA (4)
Observacións:					
3. Programas ou guías docentes elaborados polo profesor considerando os modelos de referencia establecidos pola Universidade ou o centro e a autonomía do profesor na toma de decisións	EI (0)	MI (1)	PA (2)	A (3)	MA (4)
Observacións:					
4. Planificación das Actividades docentes, en función dos créditos asignados e o tempo previsto que deben invertir os estudantes	EI (0)	MI (1)	PA (2)	A (3)	MA (4)
Observacións:					
5. Programas ou guías docentes que conteñen tarefas (teóricas, prácticas, de traballo individual, de grupo etc.) co fin de lograr as competencias a través dos obxectivos fixados.	EI (0)	MI (1)	PA (2)	A (3)	MA (4)
Observacións:					

#### DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

6. Actividades docentes desenvolvidas polo profesor, considerando a dedicación requirida en termos de créditos ECTS, os coñecementos previos dos estudantes, o tipo de traballo (autónomo ou grupal) promovido, a asistencia a clase e outras variables relacionadas co estudante	EI (0)	MI (1)	PA (2)	A (3)	MA (4)
Observacións:					
7. Desenvolvemento das guías docentes (ou outros planos de formación), tendo en conta as previsións realizadas sobre Actividades, métodos de ensino, sistemas de avaliación e outras previsións	EI (0)	MI (1)	PA (2)	A (3)	MA (4)
Observacións:					



8. Actividades docentes que desenvolveu o profesor, considerando as valoracións meritorias ou as felicitacións (ou pola contra os incumprimentos, queixas e reclamacións) recibidas por este	EI (0)	MI (1)	PA (2)	A (3)	MA (4)
Observacións:					
9. Avaliacións das aprendizaxes realizadas, tendo como referencia o establecido nas planificacións (criterios de corrección e puntuación, publicidade e revisión) e os requerimentos do departamento e do centro.	EI (0)	MI (1)	PA (2)	A (3)	MA (4)
Observacións:					

**RESULTADOS**, evidencias insuficientes (EI), moi insatisfactoria (MI), pouco satisfactorios (PS), satisfactorios (S), moi satisfactorios (MS), nada orientado á innovación docente (NOI), pouco orientado á innovación docente (POI), orientado á innovación docente (OI), moi orientado á innovación docente (MOI)

10. Resultados que se obtiveron nas Actividades docentes, examinados á luz doutros referentes (taxas de éxito, alumnos matriculados, convocatorias, competencias previstas etc.)	EI (0)	MI/NOI (1)	PS/PO (2)	S/OI (3)	MS/MOI (4)
Observacións:					
11. Resultados que se obtiveron nas Actividades docentes, considerando a satisfacción dos estudantes e do propio profesor	EI (0)	MI/NOI (1)	PS/PO (2)	S/OI (3)	MS/MOI (4)
Observacións:					
12. Cambios ou modificacións propostas polo profesor, considerando as carencias detectadas na planificación ou o desenvolvemento das Actividades docentes	EI (0)	MI/NOI (1)	PS/PO (2)	S/OI (3)	MS/MOI (4)
Observacións:					
13. Actividades de formación realizadas polo profesor, tendo en conta as carencias detectadas na súa práctica docente	EI (0)	MI/NOI (1)	PS/PO (2)	S/OI (3)	MS/MOI (4)
Observacións:					
14. Innovacións desenvolvidas polo profesor, considerando as necesidades de revisión e mellora detectadas na súa práctica docente	EI (0)	MI/NOI (1)	PS/PO (2)	S/OI (3)	MS/MOI (4)
Observacións:					



## Anexo 2: INFORME DE AVALIACIÓN

O informe sobre a Actividade docente de cada profesor completárase tomando como referencia as valoracións recollidas no protocolo de avaliación.

O formato e contido do informe axustaranse ao que fixou a Universidade no seu procedemento de avaliación.

A xeito de exemplo, preséntase unha proposta de informe de avaliación que inclúe unha valoración global das Actividades docentes do profesor. A devandita valoración, desagrégase nas tres dimensións do modelo de avaliación de DOCENTIA.

Na proposta recollida neste documento, as valoracións dos avaliadores son de tipos. Dunha parte, os avaliadores axustan as súas apreciacións a unha escala que as ordena segundo tres valores: moi favorable, favorable e desfavorable.

Doutra parte, os avaliadores poden argumentar libremente as súas valoracións.

O informe de avaliación inclúe, ademais, recomendacións para o deseño de planos de formación e innovación docentes nos diferentes ámbitos de decisión, departamentos, centros e Universidade.



# INFORME DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE

Datos de identificación do profesor

Profesor

NIF

Período avaliado

Número de quinquenio solicitado (se proceder)

A Comisión de Avaliación, con relación ás Actividades docentes realizadas polo profesor no período avaliado, emite unha valoración global.

<input type="checkbox"/>	MOI FAVORABLE
--------------------------	---------------

<input type="checkbox"/>	FAVORABLE
--------------------------	-----------

<input type="checkbox"/>	SUFICIENTE
--------------------------	------------

<input type="checkbox"/>	EN BRANCO
--------------------------	-----------



PLANIFICACIÓN	Valoración	RECOMENDACIÓNS PARA O PROFESOR (Actividades de formación, innovación etc.)
DESENVOLVEMENTO	Valoración	RECOMENDACIÓNS PARA O PROFESOR (Actividades de formación, innovación etc.)
RESULTADOS	Valoración	RECOMENDACIÓNS PARA O PROFESOR (Actividades de formación, innovación etc.)

Observacións

## Anexo 3: INFORME INSTITUCIONAL SOBRE A AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO

### Dirixido aos responsábeis académicos

(Debe ser completado segundo o criterio da Comisión de Avaliación)

A Comisión de Avaliación, á luz dos resultados que se desprenden da valoración das Actividades docentes desenvolvidas polos profesores, pode elaborar un informe institucional dirixido aos responsables académicos.

Para situar o devandito informe nun contexto institucional, a Comisión de Avaliación considerará factores como:

O volume de profesores avaliados pola Comisión e o modo máis axeitado de agrupar as valoracións realizadas (departamento, centro, área de coñecemento etc.).

A natureza dos condicionantes (normativos, organizativos, materiais etc.) que afectaron á planificación, ao desenvolvemento e os resultados das Actividades docentes obxecto de avaliación.

A intensidade das deficiencias detectadas na avaliación.

Os aspectos que foron tratados pola Comisión de Avaliación no informe institucional poderían ser:

- a) Balance dos resultados obtidos no proceso de avaliación, en termos estatísticos (p.e. porcentaxes de informes favorables segundo departamentos, centros, áreas etc.) e de adecuación ao desenvolvemento das competencias que recollen os planos de estudo.
- b) Apreciacións sobre as valoracións realizadas considerando cada unha das dimensións do modelo de avaliación (planificación, desenvolvemento e resultados) ou só algunha delas.
- c) Recomendacións para os responsables académicos que recollan a orientación e a temática de futuros planos de formación e innovación docentes, considerando todas ou algunhas das dimensións do modelo de avaliación.
- d) Análise dos mecanismos desenvolvidos pola Universidade para facer balance dos resultados da avaliación da Actividade docente, de cara á formación do profesorado e á mellora da docencia.



## INFORME DE RESPONSABLES ACADÉMICOS

Como responsable académico da organización e da xestión da docencia, o exercicio das súas funcións ofrécelle unha perspectiva ampla e transversal das Actividades docentes que se desenvolven no ámbito das súas competencias.

En última instancia, todo responsable académico debe velar polo cumprimento das normas e das directrices que afectan á Actividade docente e, por suposto, garantir a súa calidade.

Os responsables académicos son, polo tanto, fontes de información esenciais para situar a Actividade do profesor nun contexto definido polos obxectivos da institución universitaria e do programa de estudos correspondente.

O Informe que se lle solicita como responsable académico está relacionade coa planificación, co desenvolvemento e cos resultados das Actividades docentes desenvolvidas por un profesor durante un quinquenio.



## DATOS RELATIVOS Á AUTORIDADE ACADÉMICA

Apellidos, nome

NIF

Cargo académico

Profesor avaliado (Apellidos, nome)

NIF



## INSTRUCCIÓNS PARA COMPLETAR O INFORME

Valore a actuación desenvolvida polo profesor, considerando globalmente todas as Actividades docentes realizadas de que teña constancia. Tome como referencia o último quinquenio ou, no seu defecto, unha fracción de tempo inferior. Non obstante, se o considera necesario faga constar as características diferenciais achadas no desenvolvemento dalgunhas das Actividades docentes.

Para realizar a súa valoración utilice a escala asociada a cada un dos elementos do Informe, marcando cunha "X" a opción que elixa. Pode completar a súa valoración coas observacións que considere oportunas, se ben só é necesario que argumente as valoracións negativas (pouco axeitadas ou insatisfactorias, ou moi inaxeitadas ou insatisfactorias).

PLANIFICACIÓN DO ENSINO			
Valore as Actividades de planificación que realiza o profesor, considerando aspectos tales como:			
<ul style="list-style-type: none"><li>• a coordinación con outras Actividades docentes (participación en comisións e en reunións de coordinación das Actividades docentes)</li><li>• a adecuación das propostas docentes do profesor ás directrices do departamento ou do centro</li><li>• o cumprimento dos prazos establecidos para a entrega das planificacións</li></ul>			
MOI INADECUADAS (1)	POUCO ADECUADAS (2)	ADECUADAS (3)	MOI ADECUADAS (4)
Observacións			

### DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

Valore o desenvolvemento das Actividades docentes que realiza o profesor, considerando aspectos tales como:

- Incidencias que se detectaron no desenvolvemento da docencia na aula, laboratorios ou obradoiros, no desenvolvemento de clases prácticas ou titorías (ausencias non xustificadas, reclamacións dos estudantes) así como no desenvolvemento do proceso de avaliación.
- Felicitacións, recoñecementos ou valoracións meritorias sobre o desenvolvemento da docencia.

MOI INADECUADAS  
(1)

POUCO ADECUADAS  
(2)

ADECUADAS  
(3)

MOI ADECUADAS  
(4)

Observacións

### RESULTADOS

Valore os resultados que obtiveron os estudantes nas Actividades docentes realizadas polo profesor, considerando aspectos tales como:

- Resultados académicos que obtiveron os estudantes (taxas de alumnos que se presentaron, estudantes que non superaron a disciplina, materia ou similar, porcentaxes de aprobados, notables, sobresalientes ou datos similares).
- Satisfacción dos estudantes con relación ás Actividades docentes que realizaron. Considere para iso os resultados das enquisas ou procedementos similares

EI  
(0)

MI/NOI  
(1)

PS/PO  
(2)

S/OI  
(3)

MS/MOI  
(4)

Observacións

RESULTADOS: Evidencias insuficientes (EI), moi insatisfactoria (MI), pouco satisfactorios (PS), satisfactorios (S), moi satisfactorios (MS), nada orientado á innovación docente (NOI), pouco orientado á innovación docente (POI), orientado á innovación docente (OI), moi orientado á innovación docente (MOI)



UNIVERSIDAD  
DE VIGO

## Anexo 4:

# GUÍA PARA COMPLETAR OS PROCEDEMENTOS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

Dirixida a profesores, responsables académicos e estudantes



## AUTO-INFORME (Versión iniciación)

Un auto-informe é un instrumento que lle permite a un profesor achegar información sobre a súa Actividade docente. Mediante o seu auto-informe, o profesor pode achegar valoracións e reflexións importantes para a mellora da súa práctica docente e para a organización da docencia que se realiza na súa propia Universidade.

Esta versión do auto-informe foi deseñada para recoller a información, reflexións e valoracións dos profesores que están nos primeiros cinco anos da súa carreira docente. Inclúe elementos que tratan de guiar e estruturar a análise que realiza como profesor sobre a súa Actividade docente.

Ao completar o auto-informe, pídeselle que valore e reflexione sobre as súas planificacións e actuacións docentes, considerando para iso:

- as condicións de desenvolvemento da súa docencia
- a coordinación ou o traballo con outros docentes
- o tempo de dedicación dos estudantes
- os resultados obtidos polos estudantes

O auto-informe que vai completar non está referido a unha Actividade docente en concreto, polo que as súas valoracións e reflexións deben referirse ao conxunto da docencia que o profesor impartiu no último quinquenio ou, no seu defecto, nunha fracción de tempo inferior.

As Actividades docentes obxecto de avaliación están referidas a aquelas de carácter regulado recollidas en forma de materias (ou denominación similar) impartidas polo profesor en títulos oficiais de grao e posgrao na Universidade de referencia ou noutras Universidades.

### DATOS RELATIVOS AO PROFESOR E Á SÚA ACTIVIDADE DOCENTE

Apellidos, nome

NIF

--	--

Período obxecto de avaliación (máximo un quinquenio): .....

ACTIVIDADES DOCENTES DESENVOLVIDAS		Total de créditos impartidos
A. Na Universidade de referencia	1. Grao	
	2. Postgrao	



### SÍNTESE VALORATIVA

DIMENSIÓNS DE AVALIACIÓN	Aspectos que cómpre destacar
Planificación da Actividade docente	
Desenvolvemento do ensino	
Resultados obtidos polos estudantes, formación do profesor e innovación	

DIMENSIÓNS DE AVALIACIÓN	Aspectos que cómpre mellorar
Planificación da Actividade docente	
Desenvolvemento do ensino	
Resultados obtidos polos estudantes, formación do profesor e innovación	

-----

Necesidades ou demandas de formación realizadas, no seu caso, polo profesor (Debe ser considerada polos responsables académicos e os órganos encargados da formación)



## INSTRUCCIÓN PARA COMPLETAR O AUTO-IFORME

Realice as súas reflexións e valoracións sobre as diferentes temáticas que se lle formulan utilizando o espazo en branco correspondente.

Aínda que non hai limitacións de espazo para responder a elas, é recomendable que se centre en elementos substanciais ao realizar as súas argumentacións.

Este auto-informe debe completarse considerando globalmente todas as Actividades docentes que desenvolveu no último quinquenio ou, no seu defecto, nunha fracción de tempo inferior. Non obstante, se o considera necesario, faga constar as características diferenciais achadas no desenvolvemento dalgunhas das súas Actividades docentes.

Antes de completar un aspecto concreto do auto-informe, por favor lea o conxunto das temáticas formuladas neste.

Criterios para a autoavaliación cuantitativa: Evidencias insuficientes (EI; 0 puntos), moi inadecuado (MI; 1 punto), pouco adecuado (PA; 2 puntos), adecuado (A; 3 puntos), moi adecuado (MA; 4 puntos)

PLANIFICACIÓN DA DOCENCIA					
Valore as condicións de desenvolvemento da docencia que o profesor impartiu no período analizado. Considere para iso as diferentes Actividades docentes desenvolvidas, os escenarios en que realizou o seu traballo (aulas, laboratorios, seminarios, obradoiros etc.), as características dos grupos de estudantes cos que interaccionou (número, formación previa etc.) así como outras variables que poden condicionar nalgún sentido (positivo ou negativo) a planificación da súa Actividade docente.					
Valoración cualitativa	Valoración cuantitativa				
	EI (0)	MI (1)	PA (2)	A (3)	MA (4)
Valore a coordinación das súas Actividades docentes coas desenvolvidas por outros profesores que imparten as mesmas ensinanzas ou ensinanzas similares, por profesores doutros departamentos, por profesores cos que comparte unha mesma titulación ou programa de estudos e, de ser o caso, a coordinación entre profesores que imparten créditos teóricos e prácticos. Analice os beneficios e os problemas asociados á coordinación docente. Valore igualmente a xestión desenvolvida pola Universidade, polo centro ou polo departamento con relación ás súas Actividades docentes (procedementos de elección, horarios etc.), considere tamén a devandita xestión con relación á coordinación da docencia.					
Valoración cualitativa	Valoración cuantitativa				
	EI (0)	MI (1)	PA (2)	A (3)	MA (4)
